



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)  
Tfno: 981 802 062  
info@dodro.gal  
www.dodro.gal

**EXPEDIENTE:** 2024/E001/000005

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO(II)

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO (II). NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DESIGNACIÓN DE DÍA PARA REALIZAR A FASE DE OPOSICIÓN E CONCURSO.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 10 de xullo de 2024 (BOP núm. 132) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Por Resolución da Alcaldía núm. 503/2024 de data 24/09/2024 resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 3 días hábiles seguintes a publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 01/10/2024 resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra o listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

Doce Portas, María del Mar DNI \*\*\*554\*\*\*

Finalizado o prazo de presentación de alegacións contra a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aceptar a emenda de documentación da seguinte persoa candidata:

Doce Portas, María del Mar DNI \*\*\*554\*\*\* presentada no Rexistro do Concello de Dodro o día 30/09/2024 con rexistro de entrada número 202400000001766

**Segundo.-** Declarar definitivamente admitidos/as no proceso de selección ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	CELGA 1	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Cespón Pérez, María Otilia	***912***	Si	Admitida
Doce Portas, María del Mar	***554***	Non	Admitida
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	Si	Admitido



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)  
Tfno: 981 802 062  
info@dodro.gal  
www.dodro.gal

A inclusión das persoas aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases Reguladoras aprobadas.

**Terceiro.-** Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidenta:

Titular: María Sonia Olveira Graña, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Suplente: Rosario Rios Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois.

Titular: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Suplente: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

**Cuarto.-** Convocar ao Tribunal Cualificador para a súa constitución o día 10/10/2024, ás 09:00 horas, no Concello de Dodro (Tallós s/n, Dodro).

**Quinto.-** Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro ás 10:00 horas do día 10/10/2024, na Casa do Concello de Dodro.

Este exercicio estará redactado unicamente en galego, salvo que algunha das persoas aspirantes soliciten expresamente e cunha antelación mínima de 48 horas, realizar o examen en castelán.

**Sexto.-** Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, as persoas aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 1.

A persoa que se relaciona a continuación non acreditou estar en posesión do Celga 1 e polo tanto, ten que realizar a proba de galego:

Doce Portas, María del Mar DNI \*\*\*554\*\*\*

**Sétimo.-** Convocar á aspirante citada no punto anterior para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, proba de coñecemento da lingua galega (Celga 1) ás 11:30h do 10/10/2024 na Casa do Concello de Dodro.

**Oitavo.-** Continuar o proceso de selección coa fase de concurso de méritos ás 12:00 horas do 10/10/2024. As persoas aspirantes que non obteñan a puntuación mínima no primeiro exercicio da fase de oposición e apto na proba de galego, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto NON serán valorados nesta fase.

No concurso valoraranse os méritos aportados ata o día en que rematou o prazo de presentación de solicitudes.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

**Noveno.-** Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

**Décimo.-**Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente  
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís  
A secretaria-interventora, que da fe*